

CIRCULAR DE FINAL DE CURSO

Estimadas familias:

O venres 23 de xuño finaliza o curso 2016-2017. Por este motivo queremos informaros de temas que,seguro, serán do voso interese:

- ⇒ A entrega de boletíns de calificacións ao alumnado será o 23 de xuño con carácter xeral.
- ⇒ O venres 23 de xuño ás 13h. no Salón de Actos faremos a tradicional entrega de orlas ao alumnado de 5 anos que termina a etapa de Educación Infantil.
- ⇒ A entrega de orlas e documentos oficiais ao alumnado de 6º de Primaria será tamén o venres 23 ás 17,30h no Salón de Actos, en compañía das súas familias e o profesorado convidado.
- ⇒ O luns 26 entre as 10 e as 12h o profesorado atenderá ás familias que así o soliciten.
- ⇒ O prazo de reclamación das calificacións remata o venres 30 de xuño.
- ⇒ **Libros de texto.** No reverso desta folla tedes a listaxe de libros de texto para o curso seguinte. Lembraide que o 23 de xuño remata o prazo para solicitar, na Secretaría do Centro, as axudas da Xunta para comprar os libros de texto de 1º e 2º, e/ou solicitar Fondolibros para 3º-4º, e/ou cheque para material escolar para Primaria.
- ⇒ **Entrega de libros de 3ºEP:** O mércores 21, todo o alumnado deste nivel entregará aos titores, os libros recibidos ao inicio de curso.
- ⇒ **Entrega de libros de 4ºEP:** O mércores 21, todo o alumnado deste nivel, beneficiario de Fondolibros, entregará ás titoras, os libros recibidos ao inicio de curso.
- ⇒ **Entrega de "Vales":** do mércores 28 e ata o martes 4 de xullo, podedes recoller na Secretaría, en horario de 9 a 13,30h, os cheques solicitados para os libros de 1º e 2º e os de compra do material escolar.
- ⇒ **Listaxes de Fondolibros:** o martes 27 publicaremos a listaxe provisional de beneficiarios dos libros de 4ºEP para o vindeiro curso, e o 3 de xullo a definitiva. Estes libros entregarámoslos o 6 de setembro en Secretaría.
- ⇒ Durante os meses de xullo e agosto podedes obter información na web do colexio www.edu.xunta.gal/centros/ceipfernandezlatorre e utilizando o correo electrónico ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es
- ⇒ As clases do vindeiro curso 2017-2018, comezarán previsiblemente o luns 11 de setembro as 9 h.

Aproveitamos para despedir afectuosamente ao alumnado e as familias, que por diferentes motivos deixan o Colexio, especialmente aos de sexto de primaria, desexándolles a todos moita sorte na nova etapa que iniciarán en setembro.

Por último, desexamos tamén a todos e todas un feliz verán, e esperamos seguir contando coa vosa confianza, dispoñibilidade e participación no vindeiro curso.

A Coruña, 20 de xuño de 2017

A Dirección.